



COMEDOR ESCOLAR 2024-2025

- **Solicitude de comedor escolar: encher o anexo III tendo en conta os datos da declaración do IRPF de 2023. Marque a casíña de aboamento (X), por data e firma.**

A renda neta per cápita familiar obtérase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da **renda do exercicio 2023**:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

$$\text{casiña 435} + \text{casiña 460} - \text{casiña 595} = \mathbf{X}$$

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar. O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Se solicitado o borrador á AEAT esta unicamente comunica os datos fiscais, e polo tanto non o remite, para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios seguirase o procedemento descrito no punto primeiro e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.
- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da

unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casiñas 0003 (retribucións dinerarias) e 0027 (intereses) e restar os importes das casiñas 0013 (cotizacións seguridade social), 0596 (retencións procedentes do traballo) e 0597 (retencións procedentes do capital mobiliario).

- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración

do IRPF.

Aos efectos de facilitar as familias o cálculo do importe dos prezos públicos polo uso do servizo de comedor escolar, incorpórase unha calculadora a través da páxina web da consellería que facilita o cálculo en función da renda neta per cápita da unidade familiar e do número de menores e idade escolar. O acceso a calculadora estará dispoñible a través do link:

<https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>

DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

CAPÍTULO V Garantías de calidade do servizo

Artigo 17. Elaboración dos menús

2. **O menú será único** para todos os usuarios do comedor escolar, agás nos casos de alumnos que padezan calquera tipo de **intolerancia ou alerxia alimentaria, xustificada mediante certificado médico**. Nestes casos, o consello escolar de cada centro autorizará que se sirvan menús adaptados ás súas necesidades, ou, se é o caso, que se lles faciliten os medios necesarios para a conservación e consumo de menús proporcionados polas familias.

Tanto a solicitude de comedor como de transporte poderán entregala de forma presencial ou por correo electrónico ata o 22 de xullo en dirección de 11 a 13:00. Tamén poden deixalas na caixa de correo do centro.